

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 16 de novembro de 2023 pola que se aproba e se fai pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para cubrir unha praza da categoría profesional de médico de empresa.

Mediante a Resolución do 6 de setembro de 2023 (DOG do 15 de setembro e BOE do 25 de setembro) convocáronse as probas selectivas para cubrir unha praza da categoría profesional de médico de empresa, grupo I, pola quenda de acceso libre.

Mediante a Resolución do 17 de outubro de 2023 (DOG do 26 de outubro) aprobouse a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas nas mencionadas probas selectivas, e fixouse un prazo para emendar os defectos que motivaran a exclusión ou omisión.

Rematado o dito prazo e consonte o establecido na base 4.4 da convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar aprobada e facer pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ás citadas probas.

Segundo. Indicar que a citada listaxe definitiva está exposta no taboleiro electrónico da USC e na web:

<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>

Terceiro. Convocar as persoas aspirantes admitidas para a realización do segundo exercicio da fase de oposición o 10 de febreiro de 2024, ás 10.30 horas, na aula 3 da Biblioteca Concepción Arenal da USC (rúa dos Feáns, s/n, Campus Vida, Santiago de Compostela). Non se realizará o primeiro exercicio, dado que todas as persoas aspirantes acreditan o coñecemento do galego.

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos demais exercicios efectuaráase o tribunal no taboleiro electrónico da universidade e na páxina web mencionada no punto segundo, así como en calquera outro lugar que considere oportuno.

CVE-DOG: w9b4sn24-wfa7-mf40-nwq4-ghx5sxhw/ck3



Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2023

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: w9b4sn24-wfa7-mf40-nwq4-ghx5sxhw/ck3

